

INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO DE 2º DE BACHARELATO QUE SE VAI PRESENTAR Á ABAU NA CONVOCATORIA ORDINARIA 2022

19 MAIO, XOVES

10:30: Reunión coa Secretaria (Rosana) no salón de actos para recoller o impreso de prematrícula e os impresos de pago de taxas e de matrícula. Tras ser revisado e, no seu caso, corrixido, o impreso de prematrícula entregárase na oficina do centro. Todo o alumnado que titule, vaia ou non á ABAU, debe solicitar a expedición do título de bacharel e pagar as taxas correspondentes.

20 e 23 MAIO, VENRES E LUNS

09:00 a 14:00: presentación da documentación na oficina do centro (tras ter aboado as taxas telematicamente ou na entidade bancaria correspondente). O alumnado deberá **ASINAR** na oficina do centro o impreso de matrícula xerado pola aplicación NERTA que se lle entregará ese mesmo día. O alumnado, unha vez matriculado, recibirá un correo electrónico para que active a súa conta en NERTA.

25 MAIO, MÉRCORES

O alumnado deberá revisar os datos contidos nas listaxes de matriculados que se farán públicas no instituto a partir das 9:00 horas, podendo interpoñer –no mesmo centro- reclamación, ata as 14:00 horas dese día.

26 MAIO, XOVES

A partir do día 26 o alumnado poderá consultar en NERTA os datos da súa matrícula.

DOCUMENTACIÓN:

- 2 fotocopias do DNI ou pasaporte.
- Resgado acreditativo de ter efectuado o pago das taxas correspondentes.
Taxas para a obtención do título de bacharel:
 - Taxa xeral: **54 €**
 - Familia numerosa categoría xeral: **27,03 €**
 - Familia numerosa categoría especial: Gratuíta
- Resgado acreditativo de ter aboados os prezos públicos da matrícula na ABAU ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes.
 - Taxa xeral: **63,67 €**
 - Familia numerosa categoría xeral: **31,84 €**
 - Familia numerosa categoría especial, persoal das Universidades do SUG e persoas con discapacidade: Gratuíta
- Impreso oficial de matrícula na ABAU, debidamente cumprimentado.
- Fotocopia e orixinal do libro de familia numerosa, se é o caso.

PÁXINAS WEB DE CONSULTA:

Web do Ies Camilo José Cela apartado ABAU

CIUG: <http://ciug.cesga.es>

NERTA: www.edu.xunta.es/nerta